

Recreación ilustrada do milagre de Fátima.



*O segundo dos
misterios aludía á
conversión de Rusia*

Desde ben antigo, as aparicións da Virxe constitúen un dos fundamentos das crenzas católicas. Na contorna hispánica resultan usuais as imaxes de María que uns pastores atopan despois de permanecer ocultas durante os séculos de presenza musulmá. Promovida polos frades bieitos, a devoción mariana acadou a condición de padrado territorial: velaí Montserrat, Leire, Valvanera e tantos outros. O cumio de todos eles foi Rocamadour, lugar de peregrinación na Idade Media que rivalizaba con Compostela e Roma.

Non obstante, desde a xeira medieval deica a mediados do século XIX non se rexistran aparicións significativas. En 1858 teñen lugar, porén, as de Lourdes: un feito que cabe considerar á canda das crises políticas que tiveron lugar por Europa adiante a partir de 1848. Trátase, desde logo, dunha coincidencia que resulta aínda máis evidente no caso da

aparición de Fátima, da que se van cumprir agora cen anos. O esquema non resulta moi distinto em ambos os casos, Lourdes e mais a vila portuguesa: as testemuñas do acontecemento sobrenatural resultan ser uns rapaces analfabetos do mundo rural.

Pero así como as mensaxes a Bernardeta Soubirous deñen estritamente espirituais (publicitar o dogma da Inmaculada Concepción de María), as palabras dirixidas pola Virxe, en xullo de 1917, a Lucia, Jacinta e Francisco en Cova de Iria conteñen unha información socio-política, conformando os chamados “tres misterios de Fátima.” Gardado o terceiro ata 1997, o segundo deles aludía de maneira explícita á conversión de Rusia.

Por volta de 1917, naquel país abdicara o tsar Nicolás II, a quen sucedeu un goberno provisional presidido por Kerenskii. Malia a importancia que tiñan as forzas revolucionarias, os comunistas

Os misterios de Fátima

Cen anos despois de Cova de Iria

JOAQUIM VENTURA



eran minoritarios nese momento, polo cal podemos coidar que a (suposta) chamada da Virxe iría máis ben en defensa do trono imperial e non tanto a favor dun goberno democrático. A tal reserva temos que engadir que non se entende ben un chamamento a prol da conversión de Rusia, sendo este país o principal de obediencia ortodoxa (o ecumenismo aínda non chegara). Mais os misterios de Fátima non falaban dos millóns de vítimas nos campos de batalla; facían fincapé apenas na salvación de Rusia. Eran tamén anos nos cales a Igrexa católica foi proclamar unha doutrina social propia coa encíclica Rerum novarum, de León XIII. O avance da laicidade e do socialismo aparecían, mentres,

Lucia, Francisco e Jacinta, os tres pastores protagonistas da aparición mariana en Fátima (1917).

propia coa encíclica Rerum novarum, de León XIII. O avance da laicidade e do socialismo aparecían, mentres,

como algo imparable.

Fátima víñase engadir, entón, á tarefa de resistencia dun aparato eclesiástico que deixaba de ser referente social único e total; perante as adversidades intuídas, o Vaticano comezou a dar pulo a forzas políticas de inspiración cristiá, timidamente democráticas ou abertamente autoritarias. Máis aínda cando unha das consecuencias da guerra mundial foi, precisamente, a aparición de diversas repúblicas onde antes gobernaban monarquías imperiais.

E nesa resistencia do Vaticano no plano político –aínda estaba tocado pola unificación italiana– e no espiritual –refracción a calquera novidade doutrinaría ou litúrxica– o fervor popular que acordaban santuarios como Lourdes ou Fátima era unha base a ter en conta contra o laicismo que comezaba a dominar as modernas sociedades industriais europeas.

Ben axiña a Igrexa católica deu carta de natureza e apoio aberto ás peregrinacións a Fátima, como xa antes fixera con Lourdes a partir da curación milagreira dalgúns doentes. Pero no caso portugués había, ademais, un obxectivo inmediato e concreto. O golpe de estado de Sidónio Pais de 1917 –en sintonía cos sectores xermanófilos, opostos á entrada na guerra mundial– quixo neutralizar a vontade da república proclamada en 1910 de facer de Portugal un país laico e moderno, devolvéndolle á Igrexa boa parte dos privilexios perdidos. Uns anos despois do novo golpe de estado de 1926, o Estado Novo foi atopar no “efecto Fátima” un dos seus principais aliados.